

ASOCIACIÓN VIGUESA  
DE ESCLEROSIS MÚLTIPLE  
DE PONTEVEDRA

# MEMORIA 2025



## 1. ÍNDICE

<b>1. Introducción</b> .....	<b>3</b>
<b>2. Datos oficiais de AVEMPO</b> .....	<b>4</b>
<b>3. Servizos e actividades</b> .....	<b>5</b>
▯ <b>Fisioterapia</b> .....	<b>5</b>
▯ <b>Pilates</b> .....	<b>6</b>
▯ <b>Terapia Ocupacional</b> .....	<b>8</b>
▯ <b>Logopedia</b> .....	<b>9</b>
▯ <b>Psicoloxía</b> .....	<b>10</b>
▯ <b>Atención Social</b> .....	<b>11</b>
▯ <b>Meditación</b> .....	<b>13</b>
▯ <b>Comunicación</b> .....	<b>14</b>
<b>4. Sesións ofrecidas</b> .....	<b>27</b>
<b>5. Número de socios/as</b> .....	<b>27</b>
<b>6. Persoal contratado</b> .....	<b>31</b>
<b>7. Axudas e subvencións</b> .....	<b>32</b>
<b>8. Balance económico</b> .....	<b>34</b>

## 1. INTRODUCCIÓN

2025 foi un ano de continuidade e novos logros para a nosa asociación. AVEMPO seguiu prestando os mesmos servizos que en exercicios anteriores para mellorar a calidade de vida das persoas afectadas de Esclerose Múltiple (EME) e dos seus familiares, estes son: Fisioterapia, Pilates, Terapia ocupacional, Logopedia, Atención social e Psicoloxía, combinando a presencialidade con sesións virtuais e a atención domiciliaria.

Coma novidade nos servizos, a implantación da Meditación, unha actividades de importantes beneficios para os asociados. Foi no mes de marzo cando comezou as clases cunha gran acollida sendo rexistradas xa máis de trinta.

Dous eventos volveron a ser os máis relevantes en canto recadaución de fondos e visibilidade, por un lado, o 'Móllate' celebrado no mes de xullo e por primeira vez na praia de Bouzas -ata agora sempre se levou a cabo na de Samil- e, polo outro, a XIII Carreira Solidaria 'Eu Móvome pola Esclerosis Múltiple'. Un outubro máis, a cita deportiva obtivo un gran éxito de convocatoria coa presenza de máis de 1.500 participantes na mesma.

Tamén neste ano organizamos varias xornadas para informar e formar sobre a realidade da coñecida como 'enfermidade das mil caras', achegando as informacións máis recentes ás persoas diagnosticadas de EM e os seus familiares. Cabe destacar a xornada 'ContEMos historias', a presentación do documental 'O SilEMcio do Rural' e a I Gala de AVEMPO celebrada en decembro con motivo do Día Mundial da EM.

Outras actividades buscaron a convivencia e o punto de encontro entre os socios. Entre elas, destacaron o picnic organizado no Parque Forestal Vixiador onde houbo meditación, certame de tortillas, postres e xogos de cartas, así como, o 'CamiNemos' por Monteferro, unha xornada moi emocionante: "non so camiñamos, tamén camiñamos polas estrelas.

2025 houbo elección dunha nova Xunta Directiva e aproveitamos a ocasión para agradecer a implicación e o bo facer do equipo anterior. Seguindo os estatutos da entidade, esta terá un mandado polos vindeiros tres anos.

Tal e coma comezou hai dous exercicios, continuamos adiante co traballo para máis captación de fondos por parte de empresas privadas, dispostas a aportar o seu gran de area á nosa asociación, así coma, achegámonos ás institucións públicas para dar a coñecer a nosa labor e a importancia das aportación económicas para mantela.

O equipo profesional e de voluntariado de AVEMPO permitiunos sacar adiante un ano con importantes retos e seguir cumprindo cos nosos obxectivos fundamentais: axudar, informar e mellorar a calidade de vida dos afectados de EM e seu entorno.

No 2025 volvemos a sentir o apoio social grazas á difusión e impacto na prensa das nosas principais actividades.

A continuación procedemos a detallar a labor da entidade durante o ano 2025.

## 2. DATOS OFICIAIS DE AVEMPO

**Presidenta:** Lara María González Otero. DNI 53180837-F.

**Dirección:** Rúa Camilo Veiga, 44 Baixo 36208. Bouzas. Vigo.

**Teléfonos:** 986 29 88 65 – 685 11 33 98.

**E-mail:** [avempovigo@hotmail.com](mailto:avempovigo@hotmail.com)

**Facebook:** [www.facebook.com/avemppo](http://www.facebook.com/avemppo)

**Twitter:** [www.twitter.com/avemppo](http://www.twitter.com/avemppo)

**Instagram:** <https://www.instagram.com/avempovigo/>

**Web:** [www.avemppo.org](http://www.avemppo.org)

**Órgano de representación:** Xunta Directiva.

Os seguintes titulares dos órganos de goberno e representación da devandita asociación, foron elixidos pola asemblea xeral extraordinaria de data 16 de maio de 2025.

ÓRGANO DE GOBERNO	NOME E APELIDOS
PRESIDENTA	Lara María González Otero
VICEPRESIDENTA	Iria Bragado de Jesús
SECRETARIA	Belén Ferreira Reguera
TESOUREIRO	Mónica Reguera Troncoso

VOCALIS
Omar Fernández Pérez
Pablo Jorge Santamaría
Nuria Julia Martí Gayoso
Víctor Manuel Vázquez Fernández
Jorge Vila Loureiro

**Rexistros:**

- Nº inscrición Rexistro de entidades prestadoras de Servizos Sociais. RUEPSS: E- 1111.
- Rexistro de entidades de acción voluntaria: O-577.

- Acreditación de inscrición no rexistro de Centros, Servizos e establecementos sanitarios da Comunidade autónoma de Galicia: C-36-001877. Vixente ata 2030.
- Rexistro Provincial: 1996/003990-1.
- Rexistro Municipal do Concello de Vigo: 546-97.
- [Declaración de utilidade pública.](#)

**Asociación adherida a:** AEDEM- COCEMFE.

**Forma parte de:** FEGADEM.

**Entidade membro de:** COGAMI.


### 3. SERVIZOS E ACTIVIDADES

## Fisioterapia

OBXECTIVOS	ACTIVIDADES REALIZADAS
Manter a máxima amplitude articular posible.	Cinesiterapia: activa, resistida, pasiva e activo-asistida (traballo de forza).
Manter ou mellorar a forza muscular.	
Cando sexa posible reeducar o patrón da marcha.	Traballo da marcha, así como exercicios de propiocepción e coordinación.
Reducir a sensación de fatiga se é posible e/o ensinar a xestionala de maneira eficiente.	Traballo coas necesidades específicas de cada usuario e ofrecer pautas para xestión en momentos de pico de fatiga.
Manter ou mellorar o estado do chan pélvico.	Exercicios chan pélvico (Kegel, hipopresivos..)
Reeducar o patrón respiratorio e a mobilidade costal.	Exercicios respiratorios ( activos e activo-asistidos).
Incorporar técnicas de tratamento ás actividades da vida diaria co fin de reforzar a rehabilitación.	Ensinar pautas tanto ao usuario como á súa contorna para poder aumentar os beneficios da rehabilitación
Manter ou mellorar o estado dos tecidos brandos.	Estiramientos miotendinosos e masaxe terapéutico (analxésico, retorno venoso, relaxante...)
Proporcionar aos familiares e coidadores pautas para unha correcta mobilización do afectado.	Exercicios de mobilización e transferencias con familiares ou coidadores.

### RESULTADOS OBTIDOS

Ao longo do ano 2025, asistiron ao servizo de fisioterapia 66 persoas das cales: 2 foron domicilios, 3 sesións de fisioterapia online e 61 acudiron ao local. A media mensual de usuarios é de 63.



En canto a descrición xeral do servizo, ofreceuse fisioterapia de luns a venres. O servizo estivo cuberto por tres fisioterapeutas a tempo parcial cubrindo unha media de 77 horas semanais (72 no local, 3 horas en domicilios e 2 online). O número total de sesións de fisioterapia realizados no ano 2025 foron 2415.

Realizáronse 17 valoracións iniciais a novos usuarios, dos cales 10 precisaron acudir ao servizo de fisioterapia de forma continuada e 7 de forma temporal. Produxéronse 8 baixas do servizo.

## OUTRAS ACTIVIDADES

Durante os meses de febreiro, marzo e abril colaboramos coa universidade de Vigo continuando co estudo feito en 2024 pretendía analizar os posibles beneficios, en persoas con Esclerose Múltiple, dun programa de exercicio terapéutico con lentes de realidade virtual. Participaron unha vintena de usuarias e usuarios e obtívose un alto grao de satisfacción por parte todos. Ademais, visto os posibles efectos positivos sobre os usuarios e a motivación que estes mostraban, decidimos obter unhas gafas de RV para incorporar esta técnica nova ao noso arsenal fisioterapéutico.

## Pilates

Dentro da Área de Fisioterapia este ano deuse continuación ao servizo de Pilates, que consiste na práctica dun conxunto de exercicios de baixo risco, que conseguen mellorar tanto o estado físico como o emocional das persoas afectadas de Esclerose Múltiple.

A actividade levouse a cabo os martes de 12.45 a 14.00 e os mércores de 18.20 a 19.35. Está dirixida a todos os socios e socias da asociación que o desexen, pacientes, familiares e persoas cuidadoras.

A actividade realizouse de xeito presencial na sede de AVEMPO e participaron 6 persoas, tres mulleres e tres homes.


## Terapia Ocupacional

OBXECTIVOS	ACTIVIDADES REALIZADAS
<p>Crear ou facilitar as oportunidades necesarias para alcanzar a participación en todas as actividades incluídas nas Áreas da Ocupación, moi especialmente AVD e AIVD.</p>	<p>Valoración da participación nas Áreas Ocupacionais</p> <p>Adestramento do desempeño das actividades das diferentes áreas ocupacionais nas que a participación da persoa usuaria se vexa dificultada.</p>
<p>Manter, restaurar, promover ou compensar as funcións sensorio-perceptuais, destrezas motoras e destrezas cognitivas da persoa usuaria, mellorando a súa funcionalidade.</p>	<p>Valoración de: funcións sensorio-perceptuais, destrezas motoras e destrezas cognitivas.</p> <p>Actividades encamiñadas a manter e mellorar as funcións sensorio-perceptuais, destrezas motoras e cognitivas alteradas.</p>
<p>Promover hábitos e rutinas saudables.</p>	<p>Formación en Estratexias de Conservación de Enerxía.</p>
<p>Asesorar e adestrar na colocación e uso dos Produtos de Apoio (PA) e/ou adaptacións que sexan necesarios e eficaces para manter ou mellorar a independencia funcional.</p>	<p>Valoración da necesidade/beneficio do uso de cada PA, prescripción, adaptación e entramento do mesmo. Xestión dos trámites en colaboración coa Traballadora Social e o Técnico Ortoprotésico.</p>
<p>Adaptación do entorno físico da persoa usuaria especialmente da súa vivenda.</p>	<p>Valoración do fogar e supresión de barreiras arquitectónicas.</p>
<p>Intervir co entorno social e prioritariamente cos cuidadores principais coa finalidade de promover e manter adecuadas relacións de interdependencia.</p>	<p>Asesoramento e formación ao entorno social en estratexias de promoción da autonomía, estratexias de conservación de enerxía, produtos de apoio e hixiene postural.</p>
<p>Uso de Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC).</p>	<p>Uso terapéutico das TIC. Como ferramenta para mellorar as habilidades cognitivas e físicas das persoas.</p>

## RESULTADOS OBTIDOS:


- Ao longo do ano 2025 se ofertou Terapia Ocupacional (TO) en AVEMPO cunha periodicidade de 3 días a semana.
- O servizo estivo cuberto por unha Terapeuta Ocupacional a 17 horas 30 minutos semanais. Durante todo o ano se organizaron sesións individuais de 30 min, 45 min ou 1 hora, cunha periodicidade dunha vez a semana.
- As 17 horas 30 minutos se reparten da seguinte forma; luns de 16:00h a 20:00h, mércores de 11:00h a 14:30h e 15h a 19h, xoves de 10:00h a 15:30h.
- Cunha frecuencia media programada de 5-8 sesións/día. Neste período prestouse atención en materia de TO a 35 persoas. En total se fixeron 687 sesións no ano 2025.

### Persoas usuarias



- Ao longo deste ano realizáronse 19 valoracións iniciais. Once deles pasaron a ser beneficiarios activos cunha asistencia periódica mensual, e os oito restantes só querían recomendacións ou estratexias para afrontar algunha dificultade puntual do día a día.

### Valoracións Iniciais



- Se notificaron 3 baixas, unha por motivos de saúde, outra por incorporación laboral e una terceira pola distancia xeográfica e os tempos no desprazamento.
- Asesorouse a 1 usuario sobre a adquisición dunha cadeira de rodas eléctrica e grúa de maiteiro.
- Presentouse unha proposta de mellora ao Concello de Vigo debido a falta de accesibilidade nas prazas reservadas para persoas con mobilidade reducida.

## Logopedia

A presente memoria recolle o traballo realizado durante o ano 2025 no servizo de logopedia, dirixido a usuarios con esclerose múltiple. O obxectivo principal do servizo foi manter e mellorar as capacidades comunicativas, deglutorias e cognitivas dos usuarios, favorecendo a súa autonomía e mellorando a súa calidade de vida.

### OBXECTIVOS

Aumentar a conciencia e o control respiratorio

### ACTIVIDADES PROPUESTAS

- . Exercicios de respiración costo-diafragmática.
- . Coordinación fono-respiratoria.
- . Técnica lax vox.

Manter e mellorar a articulación do fala

- . Exercicios de praxias bucofonatorias.
- . Exercicios de sobrearticulación.
- . Repetición de sílabas e palabras.
- . Lectura en voz alta de frases e textos,

Mellorar a intelixibilidade do fala

- . Traballo de ritmo e entonación.
- . Control da velocidade da fala.
- . Exercicios de respiración coordinada.

Fortalecer e mellorar a mobilidade da musculatura orofacial

- . Exercicios de beizos, lingua e meixelas.
- . Exercicios de contrarresistencia.
- . Masaxe manual.

Previr e tratar alteracións da deglución

- . Exercicios de mobilidade lingual e laríngea.
- . Pautas posturales e educación en hábitos seguros de alimentación.
- . Adaptación das dietas.

# Psicología

## OBXECTIVOS

## ACTIVIDADES MÁIS FRECUENTES

Acollemento e exploración.	Avaliación e diagnóstico clínico.
Dotalo afectado e seus familiares de ferramentas coas que afrontar con maior estabilidade e capacidade de integración as consecuencias da EM.	Tratamento ou intervención clínica de aplicación individual e familiar.
Posibilitalo desenvolvemento dos recursos necesarios para disfrutar dunha calidade de vida que non queda sometida ás fases da enfermidade.	Tratamento ou intervención clínica de aplicación individual.
Conseguir unha maior capacidade de control dos pensamentos negativos, das respostas ante o estrés e da ansiedade.	Tratamento ou intervención clínica de aplicación individual. Técnicas de relaxación e respiración.
Melloralo estado de ánimo, incrementala valoración persoal, e desenvolver un enfoque positivo e constructivo que inflúa na capacidade de acción.	Tratamento ou intervención clínica de aplicación individual e familiar.
Optimización das relacións familiares e sociais.	Entrenamento en adquisición de habilidades sociais e comunicativas.

## RESULTADO

O servizo de psicología realizouse os martes cubrindo unha media de 10,25 horas semanais.

Durante o ano 2023 foron atendidas neste servizo 76 persoas, das cales 65 eran afectados e 11 familiares. Foron atendidas de maneira presencial 58, en liña 15, e 3 de maneira mixta.

Atendéronse a mais mulleres que homes, 57 e 19 respectivamente.

## Traballo Social

OBXECTIVOS	ACTIVIDADES REALIZADAS
Realizar o acollemento na entidade das persoas afectadas de EM e do seu entorno.	Entrevista inicial social
Detectar as necesidades existentes nos afectados de EM e os seus familiares.	Información e orientación a afectados de esclerose múltiple e o seu entorno.
Informar e orientar cara os recursos sociais existentes necesarios para mellorar a súa situación social e persoal.	
Informar sobre diferentes cuestións relacionadas con: incapacidade laboral, discapacidade, transporte adaptado etc.	Relacións coa administración e outros axentes sociais.
Xestionar as demandas dos afectados.	
Organizar campañas de sensibilización e captación de fondos.	Realización de actividades de difusión, sensibilización e captación de fondos
Planificar, executar e xustificar proxectos	Planificación, execución e xustificación de proxectos.
Fomentar a integración na comunidade	Tramitación de recursos sociais existentes na zona.

### RESULTADOS OBTIDOS:


O ano 2025 o servizo de atención social estivo cuberto por unha traballadora social a 30 horas semanais

Realizáronse de xeito presencial entrevistas 33 iniciais das cales 26 foron a persoas afectadas de EM e 7 familiares.

Unha das tarefas fundamentais, é a de apoio, asesoramento e información atendéndose a 101 persoas (non está contabilizado o asesoramento e información telefónica), das cales 72 son mulleres e 29 homes. As cales foron supervisadas e guiadas na cumprimentación dos trámites e presentación nas sedes electrónicas respectivas.

A continuación detallamos os trámites máis comúns realizados:

### Tramites realizados polo servizo de Atención Social de AVEMPO en 2025



Como se pode observar no gráfico dos trámites realizados por Atención Social no ano 2025, o que ten maior volume corresponde aos trámites vinculados coa discapacidade (41,2%), que inclúen información e asesoramento sobre o recoñecemento do grao, solicitudes, revisións, reclamacións e calquera xestión administrativa relacionada con esta materia.

Os trámites relacionados coa dependencia (21,6%) engloban accións de asesoramento, solicitudes de valoración, seguimento de expedientes, así como modificacións do Programa Individual de Atención (PIA) e outras xestións derivadas do sistema de atención á dependencia.

No ámbito da incapacidade (13,7%), inclúense actuacións de información e orientación, solicitudes de incapacidade laboral, revisións, reclamacións a e derivacións a asesoramento xurídico cando é preciso.

Finalmente, o apartado de outras xestións (23,5%) recolle trámites diversos, entre os que destacan solicitudes do servizo 065, solicitude da familia numerosa, cuestións relacionadas coa vivenda, Renda Activa de Inserción (RAI), programas de termalismo e outras xestións complementarias de apoio social.

O Servizo de Atención Social é porta de entrada a entidade, por tal motivo outra das tarefas fundamentais é a derivación aos diferentes servizos Sociosanitarios da asociación: Fisioterapia, Terapia Ocupacional, Logopedia e Psicoloxía.

Outra das actividades fundamentais nas que traballa o departamento social xunto co departamento de comunicación son ás relativas a divulgación e sensibilización a través de diferentes campañas polo día mundial (30 de maio) e nacional da esclerose múltiple (18 de decembro) é o “Móllate pola Esclerose Múltiple” o primeiro domingo de xullo.

Dende o departamento tamén se traballa na participación en actividades lúdicas tales coma un Picnic de Verán e unha excursión a Salvaterra de Miño.

# Meditación

O novo Servizo de Meditación implantouse no mes de marzo. É esta unha actividade na que adquirimos ferramentas para mellorar o estrés e a ansiedade e aprendemos a relacionarnos co corpo e con nos mesmos desde unha actitude de coidado e respecto.

A Meditación levouse a cabo os venres de forma presencial no horario de 9:30 horas á 10:30 horas cunha asistencia no cómputo global do ano de 6 persoas, 2 homes e 2 mulleres.

## Departamento de Comunicación

### OBXECTIVOS

- Aumentar a visibilidade de AVEMPO entre os seus diferentes públicos obxectivos: socios da Asociación, persoas afectadas de Esclerose Múltiple que non son socias, persoal sanitario, administracións públicas, entidades privadas e poboación en xeral.
- Amosar, de maneira máis ampla e pormenorizada, a labor que se realiza dende a entidade: difusión dos servizos ofrecidos, da actividades diarias da asociación e dos eventos organizados.
- Favorecer unha opinión positiva da asociación entre os públicos máis reticentes, como as persoas recentemente diagnosticadas.
- Aumentar o número de socios que se involucran nas actividades propostas.
- Manter unha imaxe actualizada da asociación, que é capaz de adaptarse ós cambios que suceden no entorno para seguir ofrecendo servizos de calidade e apoio ós seus socios.
- Conservar unha comunicación fluída e próxima cos socios, aproveitando as posibilidades que ofrece o marco dixital.

### ACTIVIDADES REALIZADAS

- Xestión da páxina web: actualización e publicación de información de interese.
- Xestión das redes sociais da asociación: Facebook, X e Instagram.
- Deseño e creatividade de diferentes “landing page” para promocionar os eventos organizados.
- Redacción e envío de notas de prensa e contacto telefónico cos medios de comunicación.
- Seguimento e rexistro da repercusión nos medios.
- Creatividade e deseño de cartelería para os diferentes eventos e actividades organizadas pola asociación.
- Edición de vídeos para a promoción e apoio dos eventos nas redes sociais.
- Creatividade e deseño de “merchandising” de eventos.

- Creación de contidos “on-line” para as redes sociais.
- Deseño e envío de “mailing” para a promoción dos eventos organizados e tamén para a captación de novos colaboradores, sobre todo, entre as distintas empresas.
- Envío de artigos para a revista ‘NOTICIAS EM’ de Aedem-Cocemfe. Publicación en 3 números.
- Elaboración de memorias gráficas para a xustificación de subvencións e axudas económicas recibidas ao longo do ano.
- Elaboración de memorias anuais da asociación e a para as entidades ás que pertence.

## RESULTADOS OBTIDOS

- O número d seguidores nas redes sociais da asociación incrementouse no ano 2025 (a excepción de X que segue a sufrir unha caída pola súa crise de reputación):
  - X (Twitter) mantivo os 871 mesmos seguidores que durante 2024.
  - Facebook pasou de 3.249 seguidores a 3.271. (+0,74%)
  - Instagram pasou de 1.398 a 1.601 seguidores. (+14,4%)
- Os medios de comunicación (televisión, radio, prensa escrita e dixital) fanse eco dos diferentes eventos e actividades organizadas por AVEMPO. Entre eles cabe destacar a aparición nos:
  - Principais xornais galegos: Faro de Vigo, La Voz de Galicia e Atlántico Diario.
  - Principais televisións: TVE, TVG, Televigo y Telecinco.
  - Radios rexionais máis relevantes: La Ser, Cope, Radio Galega e Radio Voz.
  - Prensa dixital de ámbito nacional: El Español (“Treintayseis”).
- No 2025, na páxina web realizáronse un total de 39 publicacións da actualidade sobre a entidade. As informacións máis visitadas foron o proceso da elección da nova Xunta Directiva (18.129), a campaña ‘Móllate’ (9.260) e a visita de responsables de AVEMPO ao centro ‘Cuidemos de tí’ (6.058).
- Ao longo do ano enviáronse aos medios de comunicación un total de 16 notas de prensa.

## DIFUSIÓN, SENSIBILIZACIÓN E REPRESENTACIÓN


- 14/01/25 Un total de 31 persoas se beneficiaron da ‘X Solidaria’, grazas ao 0,7% do IRPF xestionado pola FEGADEM que permitiu manter o servizo de rehabilitación.
- 17/01/25 Realizadas obras de mantemento no local da Asociación e adquisición de distinto material, grazas as persoas que marcaron a ‘X Solidaria’, subvención xestionada pola FEGADEM.
- 29/01/25 Un centenar de afectados con EM terán atención social, grazas ao apoio da Confederación Española de Personas con Discapacidad Física (COCEMFE).
- 03/02/25 Asistencia á reunión da Comisión Sociosanitaria de COGAMI.
- 10/02/25 Asistencia á reunión explicativa do IRPF 2025 da FEGADEM.
- 21/02/25 Anuncio da data e imaxe do ‘Móllate’ que se celebrará o vindeiro 6 de xullo.



- 25/02/25 Publicada enquisa internacional sobre Ferramentas Dixitais para persoas con EM, promovida por PROMS Survey.
- 16/03/25 Zumba y Aquaflash Bike en ximnacios Máis que Auga, actividades conxuntas para usuarios.
- 18/03/25 Asistencia á reunión da Comisión Sociosanitaria da COGAMI.
- 19/03/25 Asistencia á reunión da COGAMI.
- 21/03/25 O Colexio Atlántida dona 3.100 euros pola venta do seu calendario solidario, impreso, a súa vez, por parte da Deputación de Pontevedra.



- 24/03/25 Asistencia á reunión da Comisión Sociosanitaria de COGAMI.
- 27/03/25 Adquisición de material para programas de rehabilitación, grazas aos fondos do 0,7% do IRPF 2024.
- 07/04/25 25 persoas con EM recibirán terapia ocupacional, grazas a 'X Solidaria'.
- 11/04/25 Anuncio da celebración da súa Asamblea Xeral ordinaria coa apertura do prazo para as candidaturas da súa Xunta Directiva.
- 02/05/25 A Deputación de Pontevedra pon en marcha a convocatoria de Lecer en Familia, iniciativa que pretende reforzar os lazos familiares nun ambiente de convivencia.
- 06/05/25 Candidatura da nova Xunta Directiva para someter a votación dunha Asamblea Xeral Extraordinaria.
- 08/05/25 Á venda os produtos solidarios do Móllate, merchandising do máis atractivo.
- 13/05/25 Presentación do documental 'O Silemnio do rural', organizado pola FEGADEM o vindeiro 27 de maio.



- 19/05/25 Presentada a nova Xunta Directiva de AVEMPO para os vindeiros tres anos.



- 21/05/25 Posta en marcha do programa '+Benestar' da Deputación de Pontevedra.
- 30/05/25 Día Mundial da EM: diagnóstico temprano e un sistema de financiamento estable, reivindicacións de AVEMPO
- 03/06/25 Visita a centro de día Coidamos de Ti para sensibilizar sobre a EM.
- 09/06/25 40 persoas beneficiaranse do servizo de fisioterapia grazas a X solidaria do IRPF.
- 19/06/25 Asistencia ao Hospital Montecelo para sesión clínica da enfermidade ás Traballadoras Sociais do área sanitaria de Pontevedra e O Salnés.
- 01/07/25 A campaña solidaria 'Móllate' se celebrará ao barrio de Bouzas na súa octava edición.
- 06/07/25 Centos de persoas sumáanse ao Móllate pola EM, no seu tradicional evento.



- 07/07/25 Anuncio do picnic de verano no Parque Forestal O Vixiador que se celebrará o vindeiro 11 de xullo.
- 11/07/25 Xornada de meditación, concurso de tortillas e xogos de cartas no picnic no Parque Forestal O Vixiador.



- 15/07/25 Nova edición de ContEMos historias que se celebra con motivo do Día Nacional do vindeiro 18 de decembro .
- 30/07/25 Anuncio da excursión á Salvaterra do Miño da man do programa ‘+Convivencia’ da Deputación de Pontevedra.
- 27/08/25 Anuncio dunha nova edición de ‘CaminEMos por la EM’, con paseo por Monteferro e observación das estrelas.
- 04/09/25 Visita da delegada da Xunta, Ana Ortiz, e reunión con representante da xunta directiva de AVEMPO.



- 08/09/25 Decenas de persoas participan no ‘CaminEMos por la EM’, organizada pola AEDEM-COCEMFE.



- 15/09/25 A mutua Fraternidad-Muprespa entregou a membros de AVEMPO o distintivo ‘Cero Accidentes’ en materia de prevención laboral na sede de Bouzas.
- 22/09/25 Apertura do prazo de inscricións da XIII Carreira Solidaria pola EM, organizada por AVEMPO.
- 29/09/25 Decenas de usuarios percorreron Salvaterra dentro do ‘+Convivencia’ da Deputación de Pontevedra.



- 15/10/25 Chamada á participación social da XIII Carreira Solidaria pola EM.
- 22/10/25 Máis de 1.500 persoas inscritas na carreira solidaria.
- 27/10/25 Máis de 1.500 persoas participaron na 'Eu Móveme pola EM', cun gran éxito de apoio social.



- 24/11/25 Presentados os resultados preliminares do estudo de Realidad Virtual, levado a cabo por parte de AVEMPO.
- 10/12/2025 Tradicional tarde do Nadal cos socios e socias de AVEMPO.
- 13/12/25 Celebración da I Gala AVEMPO no Museo Verbum de Vigo coa cómica Arantxa Treus e as actuacións de distintos artistas.



## IMPACTO MEDIÁTICO

- **Medio dixitais**

### **BALANCE IRPF FEGADEM**

Faro de Vigo 17/01/2025

<https://www.farodevigo.es/gran-vigo/2025/01/17/x-solidaria-beneficio-30-pacientes-113460079.html>

### **SUBVENCIÓN FUNDACIÓN ONCE**

Faro de Vigo 30/01/2025

<https://www.farodevigo.es/gran-vigo/2025/01/30/ayudas-sociales-pacientes-escleroticis-113831777.html>

### **IRPF COGAMI**

Faro de Vigo 08/04/2025

<https://www.farodevigo.es/gran-vigo/2025/04/08/x-renta-ayudo-25-pacientes-116154226.html>

### **PRESENTACIÓN 'O SILENCIO DO RURAL'**

Cadena Ser 23/05/2025

<https://cadenaser.com/galicia/2025/05/23/vigo-acoge-la-proyeccion-del-documental-o-silemcio-do-rural-sobre-la-vida-con-escleroticis-multiple-radio-vigo/>

VigoÉ 24/05/2025

<https://www.vigoe.es/cultura/cine/vigo-rompe-el-silencio-de-la-escleroticis-multiple-en-el-rural-gallego/>

Faro de Vigo 27/05/2025

<https://www.farodevigo.es/gran-vigo/2025/05/27/documental-muestra-vida-rural-gallego-117856582.html>

La Voz de Galicia 27/05/2025

[https://www.lavozdegalicia.es/noticia/vigo/2025/05/27/escleroticis-multiple-rural-gallego/0003\\_202505V27C6997.htm](https://www.lavozdegalicia.es/noticia/vigo/2025/05/27/escleroticis-multiple-rural-gallego/0003_202505V27C6997.htm)

Atlántico Diario 28/05/2025

[https://www.atlantico.net/vigo/documental-explica-vida-rural-escleroticis\\_1\\_20250528-3616353.html](https://www.atlantico.net/vigo/documental-explica-vida-rural-escleroticis_1_20250528-3616353.html)

### **DÍA MUNDIAL DA ESCLEROTICIS MÚLTIPLE**

El Español (TreintaYSeis) 29/05/2025

[https://www.lespanol.com/treintayseis/vivir/salud/20250529/avemppo-reclama-diagnostico-temprano-financiacion-estable-dia-mundial-escleroticis-multiple/1003743780978\\_0.html](https://www.lespanol.com/treintayseis/vivir/salud/20250529/avemppo-reclama-diagnostico-temprano-financiacion-estable-dia-mundial-escleroticis-multiple/1003743780978_0.html)

Atlántico Diario 30/05/2025

[https://www.atlantico.net/vigo/esclerosis-multiple-pide-mayor-formacion\\_1\\_20250530-3860402.html](https://www.atlantico.net/vigo/esclerosis-multiple-pide-mayor-formacion_1_20250530-3860402.html)

VigoAlMinuto 30/05/2025

<https://www.vigoalminuto.com/2025/05/30/avemppo-reivindica-un-diagnostico-temprano-y-un-sistema-de-financiacion-estable/>

Faro de Vigo 31/05/2025

<https://www.farodevigo.es/gran-vigo/2025/05/31/fisioterapia-non-cuberta-co-melloramos-118053226.html>

### **IRPF FEGADEM (FISIOTERAPIA)**

VigoÉ 09/06/2025

<https://www.vigoe.es/solidaridad/cuarenta-personas-con-esclerosis-multiple-se-beneficiaran-del-servicio-de-fisioterapia-de-avemppo-gracias-a-la-x-solidaria/>

Atlántico Diario 10/06/2025

[https://www.atlantico.net/vigo/fisioterapia-solidaria-marcar-casilla\\_1\\_20250610-3873580.html](https://www.atlantico.net/vigo/fisioterapia-solidaria-marcar-casilla_1_20250610-3873580.html)

### **MÓLLATE POLA ESCLEROSE MÚLTIPLE**

Faro de Vigo 01/07/2025

<https://www.farodevigo.es/gran-vigo/2025/07/01/mojate-esclerosis-multiple-vigo-2025-119253757.html>

La Voz de Galicia 02/07/2025

[https://www.lavozdegalicia.es/noticia/pontevedra/pontevedra/2025/07/02/asociacion-viguesa-esclerosis-convoca-manguerazo-solidario/0003\\_202507V2C29913.htm](https://www.lavozdegalicia.es/noticia/pontevedra/pontevedra/2025/07/02/asociacion-viguesa-esclerosis-convoca-manguerazo-solidario/0003_202507V2C29913.htm)

VigoAlMinuto 02/07/2025

<https://www.vigoalminuto.com/2025/07/02/este-domingo-en-bouzas-mollate-por-la-esclerosis-multiple/>

Faro de Vigo 06/07/2025

<https://www.farodevigo.es/gran-vigo/2025/07/06/manguerazo-mojate-esclerosis-multiple-bouzas-vigo-119426417.html>

Faro de Vigo 06/07/2026 (Galería de Imágenes)

<https://www.farodevigo.es/fotos/gran-vigo/2025/07/06/imagenes-mojate-esclerosis-multiple-bouzas-vigo-119427397.html>

Faro de Vigo 06/07/2025 (Vídeo)

<https://www.farodevigo.es/videos/gran-vigo/2025/07/06/mojate-esclerosis-multiple-bouzas-vigo-2025-119427545.html>

Metropolitano.gal 06/07/2025

<https://metropolitano.gal/enfoque/vigo-se-empapa-de-solidaridad-con-las-personas-con-esclerisis-multiple-en-el-mollate-en-bouzas/>

Atlántico Diario 07/07/2025

[https://www.atlantico.net/vigo/remojon-esclerisis-multiple\\_1\\_20250707-3908975.html](https://www.atlantico.net/vigo/remojon-esclerisis-multiple_1_20250707-3908975.html)

Atlántico Diario 07/07/2025 (Vídeo)

<https://youtu.be/I9Hqa4czvMo?si=K0Ivl1KFIFvDTdNg>

La Voz de Galicia 07/07/2025

[https://www.lavozdegalicia.es/noticia/vigo/2025/07/07/solidaridad-enfermos-esclerisis-multiple-paseo-bouzas/0003\\_202507V7C3995.htm](https://www.lavozdegalicia.es/noticia/vigo/2025/07/07/solidaridad-enfermos-esclerisis-multiple-paseo-bouzas/0003_202507V7C3995.htm)

VigoÉ 07/07/2025

<https://www.vigoe.es/solidaridad/vigo-se-empapo-de-solidaridad-con-mollate-para-apoyar-a-las-personas-con-esclerisis-multiple/>

El Español (TreintaYSeis) 07/07/2025

